<ul style="list-style-type: none"> - Real Decreto 939/2003, de 18 de xullo, polo que se establece o currículo do Ciclo Formativo de Grao Medio correspondente ao Título de Técnico en Explotación de Sistemas Informáticos (BOE de 12/08/2003). - Real Decreto 1691/2007, de 14 de decembro, polo que se establece o Título de Técnico en Sistemas Microinformáticos e Redes e se fixan as súas ensinanzas mínimas (BOE de 17/1/2007). - Real Decreto 1629/2009, de 30 de outubro, polo que se establece o Título de Técnico Superior en Administración de Sistemas Informáticos en Rede e se fixan as súas ensinanzas mínimas (BOE de 18/11/2009). - Orden EDU/392/2010, de 20 de xaneiro, pola que se establece o Currículo do Ciclo Formativo de Grao Superior correspondente ao Título de Técnico Superior en Administración de Sistemas Informáticos en Rede (BOE de 25/02/2010). - Real Decreto 450/2010, de 16 de abril, polo que se establece o Título de Técnico Superior en Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma e se fixan as súas ensinanzas mínimas (BOE de 20/05/2010). - Real Decreto 686/2011, de 13 de mayo, por el que se establecen seis certificados de profesionalidad de la familia profesional Informática y comunicaciones que se incluyen en el Repertorio Nacional de certificados de profesionalidad (BOE de 10/06/2011). - Real Decreto 1531/2011, de 31 de octubre, por el que se establecen doce certificados de profesionalidad de la familia profesional Informática y comunicaciones que se incluyen en el Repertorio Nacional de certificados de profesionalidad (BOE de 14/12/2011). 	<ul style="list-style-type: none"> - Decreto 223/1997, do 30 de xullo, polo que se establece o currículo do Ciclo Formativo de Grao Superior correspondente ao Título de Técnico Superior en Desenvolvemento de Aplicacións Informáticas (DOG de 21/08/1997). - Decreto 224/1997, do 30 de xullo, polo que se establece o currículo do Ciclo Formativo de Grao Superior correspondente ao Título de Técnico Superior en Administración de Sistemas Informáticos (DOG de 22/08/1997). - Resolución do 2 de xullo de 2008, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se establece o perfil do programa de cualificación profesional inicial de informática en Galicia (DOG de 04/08/2008). - Decreto 27/2010, do 25 de febreiro, polo que se establece o currículo do Ciclo Formativo de Grao Medio correspondente ao Título de Técnico en Sistemas Microinformáticos e Redes (DOG de 15/03/2010). - Decreto 105/2011, do 12 de maio, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de Grao Superior correspondente ao Título de Técnico Superior en Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma (DOG de 08/06/2011). - Decreto 109/2011, do 12 de maio, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de Grao Superior correspondente ao título de Técnico Superior en Desenvolvemento de Aplicacións Web (DOG de 14/06/2011). - Orde do 10 de xaneiro de 2013 pola que se autoriza un proxecto experimental de formación profesional dual do ciclo formativo de Grao Superior de Sistemas de Telecomunicacións e Informáticos no CIFP Politécnico de Santiago, en colaboración coa empresa Coremain, S.L.U. (DOG de 16/01/2013).

Fonte: elaboración propia.

Os currículos que se establecen nas referencias legislativas anteriores desenvólvense tendo en conta o perfil profesional do título a través dos obxectivos xerais que o alumnado debe alcanzar ao finalizar o ciclo formativo e os obxectivos propios de cada módulo profesional, expresados a través dunha serie de resultados de aprendizaxe, entendidos como as competencias que deben adquirir os alumnos e as alumnas nun contexto de aprendizaxe, que lles han permitir conseguir os logros profesionais necesarios para desenvolver as súas funcións con éxito no mundo laboral.

2. CONTEXTUALIZACIÓN DO ESTUDO

Como se dixo, os datos que aquí se presentan forman parte dun estudo máis amplo (Vázquez, 2010) centrado en coñecer e analizar a influencia do Instituto Politécnico de Formación Profesional «A Carballeira» como xérmolo de desenvolvemento socioeconómico e educativo da cidade de Ourense no tocante á Familia Profesional de Informática, entre os cursos académicos 1985/1986 e 2009/2010, tanto a nivel de resultados agardados (eficacia interna)¹, como da súa incidencia máis alá do eido formativo (eficacia externa e impacto)². Particularmente, neste traballo o obxectivo é analizar a valoración que os docentes, autoridades académicas, asociación de pais e nais, e persoal de administración e servizos fan sobre a *inserción laboral* destes titulados tanto en Ourense como fóra da provincia, tanto no sector das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (propio da Familia Profesional) como noutro sector diferente, así como a adecuación entre estudos realizados e traballo desempeñado.

Para o alcance do obxectivo citado, seguimos unha metodoloxía que supón un enfoque baseado no paradigma mixto (Creswell e Plano-Clark, 2007), que integra e combina aspectos cuantitativos e cualitativos, respondendo a dous modelos de investigación. Por un lado, *descriptivo*, pois búscase identificar cómo se produce a inserción laboral no contexto da investigación, describindo a tendencia do grupo a estudar; por outra parte, *etnográfico*, pois procuramos mergullarnos na realidade do centro e da cidade para observala de xeito natural e así presentar como é a súa zona de influencia.

¹ Por eficacia interna referímonos aos efectos agardados e definidos a partir dos obxectivos globais da Formación Profesional, aqueles que se pretende que o alumnado acade ao rematar os devanditos estudos. Veñen referenciados dende a Administración Central e aparecen recollidos no artigo 40 da Lei Orgánica de Educación (LOE), sinalando unhas capacidades que deben desenvolver os alumnos ao finalizar a Formación Profesional.

² Por eficacia externa e impacto referímonos a aquel desenvolvemento que vai máis alá do eido educativo.

Na presente investigación a técnica de recollida de datos foi o *cuestionario*. Procedeuse a elaborar cinco cuestionarios (Vázquez, 2010; Vázquez, Raposo Rivas e Martínez Figueira, 2013) que foron sometidos tanto a xuízo de expertos como a aplicación piloto. Unha vez revisados foron perfeccionados e corrixidos dacordo ás achegas, para seren entregados finalmente á mostra de estudo.

3. PARTICIPANTES

Tal como acabamos de referir, neste traballo pretendemos identificar e valorar a calidade dos efectos directos e indirectos do paso do alumnado pola institución de ensino. Esta análise inclúe a avaliación das consideracións de diversos axentes implicados: o antigo profesorado que impartiu docencia na Familia Profesional Informática e o profesorado que actualmente imparte esta docencia; a Asociación de Nais e Pais do centro (ANPA); o persoal de administración e servizos (PAS) e as autoridades educativas. Tendo en conta a antedita poboación, a selección da mostra foi de tipo aleatorio excepto no caso do antigo profesorado que sufríu un proceso de mostraxe intencional (Bisquerra, 2005) debido ás dificultades de acceso ao mesmo.


As principais características definitorias da citada mostra son as que se presentan nos apartados seguintes.

3.1. Docentes

A mostra total de docentes que participou foi de vintedous suxeitos, dos cales oito se enmarcan no antigo profesorado e os catorce restantes, no profesorado actual, sendo neste caso coincidente a poboación total coa mostra analizada.


Sobre o antigo profesorado, o total da mostra ten máis de cincuenta anos, sendo un 62% da mesma mulleres e o 38% restante homes. A metade de suxeitos posúe estudos de Licenciatura ou equivalente, o 25% FPII ou Bacharelato e o 25% restante, unha Diplomatura ou estudos equivalentes. A totalidade da mostra referencia máis de seis cursos académicos no centro. Outras características destes, con respecto aos anos de dedicación á especialidade Informática, ao desempeño de cargos no centro e ás razóns de marcha do mesmo, vémolos nos gráficos 1, 2 e 3, respectivamente.

Gráfico 1. Anos de dedicación á especialidade Informática




Fonte: elaboración propia.

Gráfico 2. Desempeño de cargos no centro



Fonte: elaboración propia.

Gráfico 3. Razóns da marcha do centro



Fonte: elaboración propia.

A mostra correspondente ao profesorado actual presenta as seguintes características:

- En canto á idade: máis de 50 anos, o 21%; entre 41 e 50 anos, o 21%; entre 31 e 40 anos, o 44% e, ata 30 anos, o 14%.
- En canto ao sexo: os homes representan o 64% dos suxeitos fronte ao 36% que son mulleres.
- No tocante aos estudos: o 57% dos suxeitos referencia estudos de Licenciatura ou equivalente, o 7% de Doutoramento e o 36% restante, unha Diplomatura ou estudos equivalentes.
- Anos de dedicación á especialidade Informática: o 14% resposta de un a seis anos; un 43%, de sete a doce anos, e outro 43%, de trece a dezaioito anos, co cal amósase unha veteranía profesional na meirande parte dos axentes implicados.
- Sobre os cargos que desempeñan no centro: unha importante maioría (65% do total) desempeña o cargo de Xefe/a de Departamento; o 14% ou ben é Secretario/a ou non desempeña ningún posto e o 7% é Xefe/a de Estudos.
- En canto ao tempo de estancia no centro: a maioría leva máis de seis cursos académicos no centro de estudo (57%), o 29% entre cinco ou seis cursos académicos e, apenas un 14%, dous cursos escolares.
- Por último, sobre os motivos que supuxeron a súa chegada ao centro: o 43% afirma que a razón se debe a que este centro foi o seu primeiro destino na fase de concurso de elección de centros mentres que só un 7% indica que foi un

destino en expectativa, o 29% atribúea a razóns persoais e o 21% a procesos de interinidade.

3.2. Non docentes

A mostra total de non docentes que participou foi de quince suxeitos, dos cales seis constitúen o Persoal de Administración e Servizos, tres da Asociación de Nais e Pais e os seis restantes das autoridades educativas. A poboación total destes suxeitos coincide coa mostra analizada.

No que se refire ao Persoal de Administración e Servizos, sinalar os seguintes datos referidos ás variables idade, estudos iniciais e experiencia no sector e posto.

- Idade: o 33% dos suxeitos constata máis de 50 anos; o 45%, entre 41 e 50 anos e o 22%, entre 31 e 40 anos. Referénciase un 22% de homes e un 78% de mulleres.
- Estudos iniciais: o 11% do total da mostra é licenciado; o 33%, diplomado e o 56% restante cursou estudos de Bacharelato.
- Experiencia no sector: o 67% da mostra referencia ter compartido a categoría de Instituto Politécnico de Formación Profesional e Instituto de Ensino Secundario; o 33% restante, somentes este último.
- Experiencia no posto: o 34% da mostra indica que conta cunha experiencia de tres a catro anos no posto, seguido do 33% que indica máis de dez anos, o 22% entre cinco e seis anos e o 11% entre sete e oito anos.

En canto á Asociación de Nais e Pais, indicar que dos tres individuos dos que consta a mostra, un é home e as dúas restantes, mulleres; un dos suxeitos referencia máis de 50 anos, e os outros, entre 41 e 50 anos. Sinalar que dous dos membros da ANPA posúen Estudos Primarios, mentres que o restante acredita o Bacharelato ou FP II; máis de dez anos leva pertencendo á ANPA un dos suxeitos consultados, mentres que os dous restantes entre tres e catro anos; e acreditan relación paterno-filial con alumnado da Familia Profesional Informática dous dos suxeitos consultados.

Por último, en canto á mostra total de autoridades educativas que participou foi de seis suxeitos onde cinco eran homes e unha muller. Destes, cinco constitúen o actual Equipo Directivo e o individuo restante formou parte do Equipo Directivo cando o centro era Instituto Politécnico de Formación Profesional (IPFP). Por último, dicir que a

idade de todos eles é de máis de corenta anos; referencian máis de cinco anos de dedicación ao centro educativo; e cinco deles son Licenciados e un é Enxeñeiro Técnico.

4. RESULTADOS

A variable que está presente nos cinco instrumentos e que é obxecto da análise que nos ocupa refírese á valoración da inserción laboral dos titulados no ciclo formativo vencellado ás TIC. Sobre unha escala de valoración de cinco graos (nada, pouco, normal, bastante e moito) solicítase a opinión sobre os seguintes items:


- Facilidade para atopar traballo fóra de Ourense no sector das TIC.
- Facilidade para atopar traballo en Ourense no sector das TIC.
- Facilidade para atopar traballo fóra de Ourense noutro sector.
- Facilidade para atopar traballo en Ourense noutro sector.
- Adecuación entre estudos realizados e traballo desempeñado.

Unha vez coñecidas as variables citadas, cómpre deterse na análise dos resultados acadados. A continuación detállanse, tendo en conta os axentes implicados: docentes (antigo profesorado e profesorado actual) e os non docentes (asociación de nais e pais, persoal de administración e servizos e autoridades educativas).

4.1. Facilidade para atopar traballo no sector das TIC

Diante da cuestión *facilidade para atopar traballo fóra de Ourense no sector das TIC*, os informantes contan cunha opinión moi variada. Se ben a tendencia de resposta é cara á alza, particularmente, a ANPA opina unanimemente ao indicar que é moi fácil atopar traballo fóra de Ourense no sector das TIC, o resto dos suxeitos varían nas súas respostas tal como vemos no gráfico 4. Por exemplo, a metade das autoridades académicas (tres suxeitos) tenden a crer que é bastante fácil atopar traballo mentres que sete suxeitos do colectivo PAS e seis do antigo profesorado consideran que é só normal. Pola contra, tamén seis suxeitos do actual profesorado valora que non é unha cuestión fácil.


Gráfico 4. Opinión sobre a facilidade para atopar traballo fóra de Ourense no sector das TIC



Fonte: elaboración propia.

Unha segunda cuestión sobre este mesmo aspecto é no relativo á *facilidade para atopar traballo no sector das TIC en Ourense*. Vemos no gráfico 5 unha opinión máis uniforme entre tres dos axentes enquisados. Así, a totalidade da ANPA, oito membros do colectivo de profesorado actual e catro do antigo profesorado, pensan que non é fácil atopar traballo en Ourense neste sector da informática. Teñen unha opinión máis distribuída o PAS e as autoridades académicas. Así, catro suxeitos dos primeiros cren que é unha situación normal que tende a pouco fácil; mentras que a opinión de dous suxeitos dos segundos varía equitativamente entre as opcións de resposta pouco, normal e bastante. Curiosamente, ningún dos informantes cre que sexa moi doado atopar traballo no sector.

Gráfico 5. Opinión sobre a facilidade para atopar traballo en Ourense no sector das TIC




Fonte: elaboración propia.

4.2. Facilitade para atopar traballo noutro sector

Máis alá do sector das TIC, quixemos coñecer a opinión que a mostra ten sobre a posibilidade de atopar traballo fóra de Ourense (gráfico 6). Por vez primeira vemos que a opinión da maioría é nos valores altos. A ANPA opina unanimemente que é moi sinxela esta cuestión. A mesma concordancia de opinión tena o antigo profesorado pero neste caso sobre a opción de resposta bastante. Neste mesmo valor sitúase a opinión maioritaria do PAS (cinco suxeitos) e o profesorado actual (seis suxeitos). Nembargantes, cinco persoas do colectivo de autoridades académicas cren que é unha cuestión normal.


Gráfico 6. Opinión sobre a facilidade para atopar traballo fóra de Ourense noutro sector



Fonte: elaboración propia.

Ao igual que antes, tamén interesa saber se a opinión da mostra varía cando muda a localidade onde atopar traballo. Tal como podemos ver no gráfico 7, a pesar de que as respostas seguen sendo positivas, lixeiramente toman un ton máis negativo. Isto é, a pesar de que a totalidade do antigo profesorado e a maioría do PAS consideran que é bastante fácil atopar traballo na cidade, contamos no polo oposto con que o 100% da ANPA cre que non é nada doado; nunha posición intermedia temos a opinión de 4 suxeitos das autoridades académicas e o restante PAS.

Gráfico 7. Opinión sobre a facilidade para atopar traballo en Ourense noutro sector




Fonte: elaboración propia.

4.3. Adecuación entre estudos realizados e traballo desempeñado

Tras coñecer a percepción dos enquisados sobre a facilidade de atopar traballo na cidade ourensá ou fóra desta, tanto no sector das TIC coma noutro, interesa tamén saber qué opinan sobre se existe unha adecuación entre os estudos de Informática, as áreas de coñecemento e capacidades no currículo que cursa o alumnado, e os posibles traballos.

Podemos ver no gráfico 8 que a opinión da mostra sitúase nos valores centrais. Así, unha importante maioría de PAS e antigo profesorado, sete e seis suxeitos respectivamente, cre que é normal esta relación mentres que a totalidade da ANPA e máis da metade do profesorado actual (oito individuos) cre que é pouca a adecuación entre os estudos e o futuro profesional.

Gráfico 8. Opinión sobre a adecuación entre estudos realizados e traballo



Fonte: elaboración propia.

5. CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS

Era intención deste traballo coñecer a valoración que un grupo de diversos axentes sociais directamente vencellados á Familia Profesional de Informática fan sobre a facilidade de atopar traballo tanto en Ourense como fóra, no sector das TIC ou noutro sector diferente, así como a adecuación dos estudos realizados no centro educativo estudado e o traballo desempeñado.

A análise levada a cabo mostra que según sexa un informante ou outro, existe disparidade nas respostas. Así, cómpre sinalar a positiva valoración que o profesorado antigo do centro outorga aos titulados da Formación Profesional regulada pola Lei Orgánica de Educación (LOE), o cal demostra a ausencia de datos nas consideracións negativas diante da formulación da cuestión. Pola súa banda, un 57% da mostra (oito suxeitos) de profesorado actual considera o novo sistema de Formación Profesional (LOE) igual que o anterior, mentres que só dous (14%) considérao moito mellor.

En canto ao persoal *non docente* atopamos que a totalidade dos membros da ANPA manifesta a súa opinión sobre a pouca facilidade para atopar traballo en Ourense, xa sexa no sector das Tecnoloxías da Información e a Comunicación como noutro sector. Pola súa banda, o PAS consultado considera:

- Pouco preparado inicialmente ao alumnado de ciclos medios e ciclos superiores en aspectos como a tecnoloxía, as áreas instrumentais e o sector profesional, así como a nula dotación de equipos nos fogares.
- Un 66% da mostra (seis suxeitos) estima a actual Formación Profesional mellor que a do anterior sistema pre-LOE en aspectos como a consideración social, a valoración empresarial e a das propias familias do alumnado.
- O 56% da mostra (cinco suxeitos) estima que é bastante a facilidade para atopar traballo tanto en Ourense como fóra, pero nun sector profesional que non sexa o das Tecnoloxías da Información e a Comunicación.

Por último, a totalidade da mostra de autoridades educativas considera:

- Moi importantes no currículo que cursa o alumnado áreas como a de Aplicacións Informáticas Profesionais, Formación e Orientación Laboral e Economía, Comercio, Vendas e Marketing; así como as capacidades de comunicar ideas, traballar en equipo, a creatividade e orixinalidade, a autonomía no traballo e a iniciativa e capacidade de liderado.

- O 100% dos suxeitos estima de moita utilidade a Formación en Centros de Traballo para completar a formación teórica recibida no centro docente, para adquirir novos coñecementos e habilidades, para futuras prácticas ou talleres, así como para incorporarse ao mundo laboral.

Da análise sobre a vulnerabilidade social no sector das TIC no centro educativo ourensá, puidemos ver a variada resposta por parte dos individuos consultados. Destacaríase, en todo caso, a consideración da facilidade para atopar traballo fóra de Ourense, noutro sector profesional que non sexa o das Tecnoloxías da Información e a Comunicación. Quedan baleiros de contido os graos peor e mellor dos cinco que forman parte da escala de valoración. Concretamente, no centro de estudo, podemos dicir que, sendo un centro educativo de referencia na Formación Profesional da Familia Informática, é valorado positivamente. Com todo, constátase unha certa dificultade de inserción dos titulados no sector profesional a estudo, pero modérase esta tendencia cando falamos de saír fóra do propio contorno xeográfico ou mesmo procurar emprego noutro sector profesional.

A adecuación dos estudos a cursar polo alumnado ao mundo empresarial dá os seus froitos moi abundantemente no que respecta á adecuación de coñecementos teóricos e prácticos, non así no referido aos coñecementos empresariais do alumnado ou á súa iniciativa empresarial, que debe ser traballada fondamente.

Como aspectos a mellorar, cremos necesario desenvolver as áreas transversais do currículo, de xeito que todos os axentes implicados no proceso de ensino-aprendizaxe as tomen como referencia e xérmolo de acción educativa de calidade.

6. REFERENCIAS, BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA

- Bisquerra, R. (2005). *Metodología de la investigación educativa*. Madrid: La Muralla.
- Creswell, J. W. e Plano-Clark, V. L. (2007). *Designing and conducting mixed methods research*. Thousand Oaks, CA: Sage Publications.
- Echeverría, B. (1993). *Formación Profesional. Guía para el seguimiento de su evolución*. Barcelona: PPU.
- Jiménez, B. (1997). Formación Profesional: concepción de los ciclos formativos. *Revista Interuniversitaria de formación del profesorado*, 30, 31-49.

Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. *Boletín Oficial do Estado*, 4 de maio de 2006, núm. 106.

Rial, A. (2001). La formación para el trabajo: nuevos escenarios, nuevos requerimientos de competencias y cualificaciones. En A. Monclús (Coord.), *Formación y empleo: Enseñanza y Competencias* (pp. 233-255). Granada: Comares.

Sarceda, M. C. (2002). *Análisis de las necesidades formativas del profesorado de formación profesional en Galicia* (Tese de Doutoramento inédita). Universidade de Santiago de Compostela: Departamento de Didáctica e Organización Escolar, Santiago de Compostela.

Vázquez, M. (2010). *Análise da influencia do Instituto Politécnico de Formación Profesional (IPFP) de Ourense como xérmolo de desenvolvemento socioeconómico e educativo: a Familia Profesional Informática* (Diploma de Estudos Avanzados inédito). Universidade de Vigo: Departamento de Didáctica, Organización Escolar e Métodos de Investigación, Ourense.

Vázquez, M., Raposo Rivas, M. e Martínez Figueira, M. E. (setembro, 2013). *Repercusión da Familia Profesional Informática na cidade de Ourense: deseño dunha investigación*. Comunicación presentada no XV Congreso Internacional de Galicia e Norte de Portugal de Formación para o Traballo: A formación, a orientación e o emprego, determinantes na vulnerabilidade social. Cidadanía, poboación activa e sociedade inclusiva: impacto da crise no patrimonio inmaterial das persoas, Ourense.

Repercusión da familia profesional informática na cidade de Ourense: deseño dunha investigación

MARTA VÁZQUEZ GUZMÁN

MANUELA RAPOSO-RIVAS

MARÍA ESTHER MARTÍNEZ-FIGUEIRA

Universidade de Vigo

1. INTRODUCCIÓN

Abordar a investigación desenvolvida no eido da Formación Profesional (FP) en Galicia pasa inevitablemente por referirse ás achegas de Rial (1995), Sarceda (2002), Sanjuán (2008) e Torres (2010) que tratan dun xeito clarificador aspectos relevantes desta etapa referidos aos deseños de programas, á formación do profesorado e ao módulo de Formación e Orientación Laboral.

Na primeira delas, o autor diseña programas de Formación Profesional tendo como referencia a análise do traballo, partindo da historia e das estruturas curriculares da Formación Profesional como contexto de orixe. Da avaliación-comparación dos programas existentes nos centros de FP da nosa Comunidade, conclúe que existe gran desfase entre os coñecementos que demanda o sistema produtivo e os que se imparten nos centros de formación, o cal se podería solventar a través do seguimento da evolución dos perfís profesionais e as adaptacións correspondentes nos programas de formación.

Polo que respecta a Sarceda (2002) presenta unha análise exhaustiva das necesidades formativas do profesorado de Formación Profesional en Galicia, desde un estudo cuantitativo no que se formulan uns obxectivos referidos a tres dimensións: o coñecemento e comprensión da realidade actual da formación en exercicio do profesorado, a percepción das necesidades de formación e, por último, a proposta de prioridades organizativas e de contidos para o desenvolvemento da formación do profesorado desta etapa.

As características e transversalidade na formación de profesionais a través da análise do módulo de «Formación e Orientación Laboral» son os eixos vertebradores do estudo de Sanjuán (2008). O seu traballo detense na formación inicial de profesionais e na importancia da orientación que reciben. Estuda as características estruturais e os elementos que compoñen o deseño curricular do módulo obxecto de estudo, traballando sobre a visión do profesorado que o imparte. Un punto de vista máis particular, centrado no uso de recursos tecnolóxicos neste módulo, é o ofrecido por Torres (2010).

Pola nosa banda, realizamos un pequeno estudo (Vázquez, 2010) centrado na Familia Profesional de Informática coa finalidade de coñecer e analizar a influencia do centro educativo «A Carballeira» como xérmolo de desenvolvemento socioeconómico e educativo da cidade de Ourense, do cal seguidamente detallamos o seu deseño de investigación.

2. OBXECTIVOS

Unha vez definida a finalidade da investigación, queda establecido o obxecto da análise: a influencia do devandito centro educativo. Esta análise enmárcase en 25 anos comprendidos entre os cursos académicos 1985/1986 e 2009/2010, e inclúe a avaliación das consideracións de diversos axentes implicados. Ao mesmo tempo, pretende identificar e valorar a calidade dos efectos directos e indirectos do paso do alumnado pola antedita institución de ensino. Deste xeito, a intencionalidade da investigación pode concretarse en determinar se:

- O funcionamento do IESⁱ «A Carballeira» de Ourense é considerado axeitado.
- O alumnado que se incorpora ás ensinanzas tecnolóxicas faino dende unha competencia inicial mínima.
- A inserción laboral do alumnado titulado é positiva.
- As áreas de coñecemento impartidas na FP Informática adecúanse á realidade produtiva do sector en Ourense.
- Os estudos de FP Informática son valorados no mundo laboral e profesional tecnolóxico ourensán e se facilita a formación permanente dos traballadores.
- Os estudos de FP Informática contribúen á mellora tecnolóxica do sector.
- A formación do profesorado é de calidade.

Procúrase coñecer e comprender os datos obtidos, tanto a nivel de resultados agardados (eficacia interna), como da súa incidencia máis alá do eido formativo (eficacia externa e impacto). Poderíamos considerar, entón, a eficacia interna como os efectos agardados e definidos a partir dos obxectivos globais da Formación Profesional, aqueles que se pretende que o alumnado acade ao rematar os devanditos estudos. Veñen referenciados dende a Administración Central e aparecen recollidos no artigo 40 da Lei Orgánica de Educación (LOE), sinalando unhas capacidades que deben desenvolver os alumnos ao finalizar a Formación Profesional:

- Desenvolver a competencia xeral correspondente á cualificación ou cualificacións obxecto dos estudos realizados.
- Comprender a organización e as características do sector produtivo correspondente, así como os mecanismos de inserción profesional; coñecer a lexislación laboral e os dereitos e obrigas que se derivan das relacións laborais.
- Aprender por si mesmos e traballar en equipo, así como formarse na prevención de conflitos e na resolución pacífica dos mesmos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- Fomentar a igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres para acceder a unha formación que permita todo tipo de opcións profesionais e o exercicio das mesmas.
- Traballar en condicións de seguridade e saúde, así como previr os posibles riscos derivados do traballo.
- Desenvolver unha identidade profesional motivadora de futuras aprendizaxes e adaptacións á evolución dos procesos produtivos e ao cambio social.
- Afianzar o espírito emprendedor para o desempeño de actividades e iniciativas empresariais.

Por outra banda, está a eficacia externa, como aquela que se desenvolve máis alá do eido educativo. Para a súa análise é imprescindible deterse a reflexionar os aspectos enumerados a continuación:

- Contribución ao desenvolvemento da cidade de Ourense e a súa zona de influencia.
- Pulo á mellora continua do sector das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC).
- Aumento da consideración social dos traballadores do sector.

- Reivindicación do recoñecemento do valor socioeducativo e económico da propia institución educativa.

3. PARTICIPANTES

Á hora de coñecer a realidade do impacto analizamos diversos puntos de vista, en concreto, os derivados das consideracións do colectivo ao cal afecta a influencia que desexamos analizar:

- O antigo profesorado que impartiu docencia na Familia Profesional Informática: oito individuos.
- O profesorado que actualmente imparte esta docencia: catorce individuos.
- A Asociación de Nais e Pais do centro (ANPA): tres individuos.
- O persoal non docente (PAS): nove individuos.
- As autoridades educativas: seis individuos.

Deste xeito, participou a totalidade do profesorado actual, do persoal non docente, da Asociación de Nais e Pais e do Equipo Directivo (entendido como autoridade educativa). Soamente o antigo profesorado sufriu un proceso de mostraxe intencional (Bisquerra, 2005), pois dirixímonos aos individuos de doado acceso para a investigadora. O resto estivo rexeitado, fundamentalmente por descoñecemento do lugar de traballo actual ou mesmo por mortandade.

A relación entre as cuestións de investigación e os informantes aparece reflectida no seguinte cadro.

Cadro 1. Relación de obxectivos abordados en cada cuestionario

Cuestións a estudar	Antigo profesorado	Profesorado actual	ANPA	PAS	Autoridades Académicas
O funcionamento do IES «A Carballeira» de Ourense é considerado axeitado e de calidade.	X	X	X	X	---
O alumnado que se incorpora ás ensinanzas tecnolóxicas faino dende una competencia inicial mínima.	X	X	X	X	X
A inserción laboral do alumnado titulado é positiva.	X	X	X	X	X

As áreas de coñecemento impartidas na FP Informática adecúanse á realidade produtiva do sector en Ourense.	X	X	X	X	X
Os estudos de FP Informática son valorados no mundo laboral e profesional tecnolóxico ourensán e facilítase a formación permanente dos traballadores.	X	X	X	X	X
Os estudos de FP Informática contribúen á mellora tecnolóxica do sector.	X	X	X	X	X
A formación do profesorado é de calidade.	X	X	---	---	X

Fonte: elaboración propia.

4. METODOLOXÍA

Para determinar unha metodoloxía na investigación educativa deberemos ter en conta una terminoloxía propia, así como o conxunto de termos conceptuais e analíticos que utilizaremos e os procesos e fases que seguiremos. As posicións actuais máis representativas decántanse pola complementariedade metodolóxica, é dicir, un enfoque baseado no paradigma mixto, que integra e combina aspectos cuantitativos e cualitativos. Neste sentido, estamos totalmente de acordo coa opinión de Hernández (1995), o cal defende que a elección metodolóxica debe producirse despois de entender o problema e decidir qué preguntas desexamos formular.

Partindo destes postulados deseñamos unha investigación mesturando pequenos modelos de investigación. Os modelos de investigación referidos á recollida de datos cuantitativos e cualitativos podemos resumilos en: descritivo e etnográfico (Sierra, 1988; Wittrock, 1989; Cohen e Manion, 1990; Buendía, Colás e Hernández, 1997).

Nos mencionados en primeiro lugar, os modelos de investigación descritivos, preténdese describir a estrutura dos fenómenos e a súa dinámica; identificar, por tanto, os aspectos relevantes da realidade. En segundo lugar, nos modelos de investigación etnográficos, o que o investigador debe procurar é mergullarse na realidade para observala de xeito natural e así formular hipóteses que faciliten a súa comprensión e descrición.

5. TÉCNICAS DE RECOLLIDA DE DATOS E VARIABLES IMPLICADAS

Tal e como afirma Tejedor (2000, p. 320), a investigación avaliativa en educación é «un xeito de investigar que implica un proceso rigoroso, controlado e sistemático de recollida e análise de información fiable e válida para a toma de decisións» sobre o propio ensino. No presente estudo foi utilizado o cuestionario como fonte fundamental de recollida de datos.

Procedeuse a elaborar cinco cuestionarios destinados á mostra seleccionada descrita ao nomear aos participantes, vinculada profesionalmente toda ela ao centro de estudo:

- CPAN: cuestionario dirixido ao antigo profesorado.
- CPAC: cuestionario dirixido ao actual profesorado.
- CANPA: cuestionario dirixido á ANPA.
- CPAS: cuestionario dirixido ao PAS.
- CAE: cuestionario dirixido ás autoridades educativas.

Os devanditos instrumentos foron sometidos tanto a xuízo de expertos como a aplicación piloto coa finalidade de asegurar a súa validez. Unha vez revisados, foron perfeccionados fundamentalmente a través da corrección de certos ítems co ánimo de evitar anfiboloxías e con afán de clarificar ao máximo a intención da investigación. Foron entregados á poboación participante, deixando un mes para a súa recollida de forma anónima. Están estruturados en catro apartados cun número variable de cuestións referidas a: contexto, FP, distintas áreas de coñecemento e formación do profesorado.

No que atinxe ás variables implicadas, son analizadas tendo en conta a poboación á que van dirixidos. Os apartados dos cuestionarios coinciden co número de variables analizadas para cada colectivo. Contamos, deste xeito, cun total de 49 variables: dezasete referidas ao antigo e ao actual profesorado; doce referidas á Asociación de Nais e Pais e doce tamén referidas ao Persoal de Administración e Servizos. Por último, nos cuestionarios propostos para as autoridades educativas son oito as variables referenciadas.

Segundo estes datos, son sometidas a estudo, polo que respecta ao profesorado, un total de dezasete variables, catro delas (idade, sexo, anos de dedicación e tempo de estancia no centro) cuantitativas e o resto cualitativas (cadro 2).

Cadro 2. Variables dos cuestionarios do antigo e actual profesorado (CPAN-CPAC)

Variables CPAN-CPAC		Cuantitativa	Cualitativa
De contexto	Idade	X	
	Sexo	X	
	Titulación		X
	Anos de dedicación profesional á especialidade «Informática»	X	
	Desempeño de cargos no centro		X
	Tempo de estancia no centro	X	
	Razóns de marcha do/ chegada ao/ centro		X
En relación coa FP	Funcionamento do centro		X
	Situación do alumnado		X
	Aceptación dos titulados na actual FP fronte ao anterior sistema		X
	Inserción laboral do alumnado		X
	Relación entre o mundo empresarial e os Ciclos Formativos		X
En relación coas áreas de coñecemento	Adecuación das áreas		X
	Formación en Centros de Trabajo		X
En relación coa formación do profesorado	Formación inicial		X
	Asistencia a actividades de formación		X
	Valoración da formación		X

Fonte: elaboración propia.

Polo que respecta aos membros da Asociación de Nais e Pais de alumnos/as do centro, estes respostaron a cuestións que incluían doce tipos de variables (cadro 3), tres delas (idade, sexo e anos de pertenza) cuantitativas e o resto cualitativas.

Cadro 3. Variables no cuestionario da ANPA (CANPA)

Variables CANPA		Cuantitativa	Cualitativa
De contexto	Idade	X	
	Sexo	X	
	Titulación		X
	Anos de pertenza á ANPA	X	
	Existencia de fillos cursando a Familia Profesional Informática		X
En relación coa FP	Funcionamento do centro		X
	Situación do alumnado		X
	Aceptación dos titulados na actual FP fronte ao anterior sistema		X
	Inserción laboral do alumnado		X
	Relación entre o mundo empresarial e os Ciclos Formativos		X
En relación coas áreas de coñecemento	Adecuación das áreas		X
	Formación en Centros de Trabajo		X

Fonte: elaboración propia.

Comprobamos que foron sometidas a estudo, polo que respecta ao persoal de administración e servizos, un total de doce variables, tres delas (idade, sexo e anos de dedicación) cuantitativas e o resto cualitativas (cadro 4).

Cadro 4. Variables no cuestionario do PAS (CPAS)

Variables CPAS		Cuantitativa	Cualitativa
De contexto	Idade	X	
	Sexo	X	
	Titulación		X
	Anos de dedicación profesional ao I.E.S. «A Carballeira»	X	
	Categoría do centro nos anos de dedicación		X
En relación coa FP	Funcionamento do centro		X
	Situación do alumnado		X
	Aceptación dos titulados na actual FP fronte ao anterior sistema		X
	Inserción laboral do alumnado		X
	Relación entre o mundo empresarial e os Ciclos Formativos		X
En relación coas áreas de coñecemento	Adecuación das áreas		X
	Formación en Centros de Trabajo		X

Fonte: elaboración propia.

As autoridades educativas ás que se lles entregou o cuestionario respostaron a interrogantes integrados por oito variables, todas elas cualitativas (cadro 5).

Cadro 5. Variables no cuestionario de autoridades educativas (CAE)

Variables CAE		Cuantitativa	Cualitativa
Variables en relación coas áreas de coñecemento	Adecuación das áreas		X
	Formación en Centros de Trabajo		X
Variables en relación coa inserción laboral	Inserción laboral do alumnado		X
	Relación entre o mundo empresarial e os Ciclos Formativos		X
	Situación do alumnado		X
	Aceptación dos titulados na actual FP fronte ao anterior sistema		X
En relación coa formación do profesorado	Formación inicial		X
	Valoración da formación		X

Fonte: elaboración propia.

6. LIMITACIÓNS E PROSPECTIVA

O deseño do estudo que vimos de expor responde á intención de valorar a influencia que a Familia Profesional Informática que se imparte nun Instituto Politécnico de Formación Profesional da cidade de Ourense exerce no desenvolvemento socioeconómico e educativo da mesma. A priori, partimos de que esta influencia é positiva dende o momento en que o actual sistema de Formación Profesional ao abeiro da LOE é mellor considerado que o precedente. Constátase este feito, tamén, na existencia incesante de alumnado matriculado ano a ano dende a creación dos estudos da Familia Profesional de «Informática e Comunicaci3ns». Concretando no obxecto de estudo, partimos de que, sendo un centro educativo de referencia na Formación Profesional, é valorado positivamente en canto a instalacións e 3rganos colexiados de xestión, o cal facilita en gran medida o desenvolvemento educativo da contorna.

Co deseño da investigación pretendemos que a influencia socioecon3mica sexa analizada dende unha dobre vertente: por unha banda, a inserci3n laboral dos titulados nos ciclos formativos e, por outra, a relaci3n entre o mundo empresarial e os ciclos formativos. No tocante 3 a adecuaci3n das 3reas de coñecemento e capacidades no curr3culo que cursa o alumnado, ademais da an3lise da Formaci3n en Centros de Traballo ou a formaci3n de docentes, b3scase constatar a influencia educativa que poida liderar o IES «A Carballeira». Con todo, o citado estudo presenta unha serie de limitaci3ns metodol3xicas, entre as que podemos citar:

- O cuestionario foi a fonte de informaci3n utilizada para a posterior an3lise requirida na investigaci3n. O reparto dos diferentes cuestionarios 3 mostra seleccionada puido sufrir limitaci3ns temporais debidas 3 necesidade de concretar resultados.
- A propia mostra seleccionada experimentou baixas iniciais debido a causas naturais xa apuntadas ou ben a motivos profesionais imprevistos.
- O punto de vista do alumnado, tanto actual como hist3rico, non foi analizado debido 3 multitude de suxeitos a estudar, o cal configurari3a unha extensa e atractiva investigaci3n posterior.

Na xeneralizaci3n do estudo poder3a considerarse que os aspectos analizados no presente traballo de investigaci3n poden ser extrapolados a outras 3reas xeogr3ficas nas que se dean as mesmas variables iniciais educativas e socioecon3micas, debido 3

uniformización de currículos e harmonización de metodoloxías nos centros educativos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Novas liñas de investigación poderían ser as que estudasen o punto de vista do alumnado sobre a influencia do IES «A Carballeira» no contorno socioeconómico da provincia de Ourense. Outro traballo interesante sería aquel que desenvolvese o estudo das demais Familias Profesionais impartidas no devandito centro e a súa correspondente influencia.

7. REFERENCIAS, BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA

- Bisquerra, R. (2005). *Metodología de la investigación educativa*. Madrid: La Muralla.
- Buendía, L., Colás, P. e Hernández, L. (1997). *Métodos de Investigación en Psicopedagogía*. Madrid: McGraw-Hill.
- Cohen, L. e Manion, L. (1990). *Métodos de investigación educativa*. Madrid: La Muralla.
- Hernández, F. (1995). *Bases Metodológicas de la Investigación Educativa*. Barcelona: PPU.
- Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación. *Boletín Oficial do Estado*, 4 de maio de 2006, núm. 106.
- Rial, A. (1995). *Del análisis del trabajo en la práctica laboral a la confección de una alternativa curricular para las profesiones de Diseño y Delineación dentro del contexto de Galicia* (Tese de Doutoramento inédita). Universidad de Santiago de Compostela: Departamento de Didáctica y Organización Escolar, Santiago de Compostela.
- Sanjuán, M. M. (2008). El módulo de formación y orientación laboral en los ciclos formativos de grado medio y superior de formación profesional: características y transversalidad en la formación de profesionales (Tese de Doutoramento inédita). Universidad de Santiago de Compostela: Departamento de Didáctica y Organización Escolar, Santiago de Compostela.
- Sarceda, M. C. (2002). Análisis de las necesidades formativas del profesorado de formación profesional en Galicia (Tese de Doutoramento inédita). Universidad de Santiago de Compostela: Departamento de Didáctica y Organización Escolar, Santiago de Compostela.

Sierra, R. (1988). *Técnicas de investigación social*. Madrid: Paraninfo.

Tejedor, F. J. (2000). El diseño y los diseños en la evaluación de programas. *Revista Investigación Educativa*, 18(2), 319-339.

Torres, S. (2010). *Webquest y Cazas del tesoro en el módulo de FOL de Ciclos Formativos de Grado Medio. Un estudio de casos* (Tese de Doutoramento inédita). Universidad de Vigo: Departamento de Didáctica, Organización Escolar e Métodos de Investigación, Ourense.

Vázquez, M. (2010). Análise da influencia do Instituto Politécnico de Formación Profesional (IPFP) de Ourense como xérmolo de desenvolvemento socioeconómico e educativo: a Familia Profesional Informática (Diploma de Estudos Avanzados inédito). Universidade de Vigo: Departamento de Didáctica, Organización Escolar e Métodos de Investigación, Ourense.

Wittrock, M. C. (1989). *La investigación de la enseñanza* (I, II y III). Madrid: Paidós.

O emprendemento na Formación Profesional: a incidencia do modelo cooperativo

LAURA REGO AGRASO

Universidade de Santiago de Compostela

1. INTRODUCCIÓN

A promoción do espírito emprendedor nas ensinanzas do sistema educativo, non é unha estratexia nova de inserción laboral, mais fronte ás circunstancias actuais do mercado capitalista, merece ser repensada como alternativa de futuro viable e equitativa. Diante da aparición de modelos de desenvolvemento que poñen o acento na xustiza social, no emprego decente ou na educación pública de calidade, a economía social xorde como elemento reivindicativo de que outro modelo económico é posible. Unha das expresións deste modelo alternativo é o *emprendedor/a social*, un empresario/a comprometido coa súa contorna e cos seus concidadáns, máis alá da maximización de beneficios económicos. A incidencia das sociedades cooperativas, no entanto, non é especialmente relevante no tecido empresarial español. Pero como sinala García-Fernández Gutiérrez (1999) citado por Molina Moreno (2010, p. 41), a cooperativa cumpre na sociedade «dúas funcións básicas: financiadora (aportando os socios/as o capital necesario para o seu normal funcionamento) e socioeconómica», dado que «como emprendedores colectivos, os socios/as en conxunto suplen as carencias individuais a través de obxectivos e valores comúns, ao tempo que desenvolven un grupo de apoio social, máis importante que outros factores de índole individual». (Íbidem).

O papel que debe xogar a Formación Profesional nun modelo económico colectivo cobra especial relevancia no contexto de crise actual, especialmente en España. A formación para o traballo non pode senón ser o eixo vertebrador das políticas de fomento do autoemprego e dun modelo de emprendedor/a centrado na economía social como aposta de futuro. Neste sentido é onde converxen os tres eixos ao redor

dos cales orientamos este traballo: a Formación Profesional, o emprendemento e o desenvolvemento endóxico.

2. A INCIDENCIA DO MODELO COOPERATIVO NO TECIDO EMPRESARIAL ESPAÑOL E GALEGO

O modelo de negocio cooperativo no tecido produtivo español caracterízase polas súas cifras á baixa. Se analizamos as empresas con base en España en función da súa condición xurídica (Instituto Nacional de Estadística [INE], 2012), apreciamos como, na súa maior parte, son persoas físicas (táboa 1). De feito, o 53,1% da totalidade do tecido empresarial español está conformado por empresas que responden a esta condición. Seguiríanlle as sociedades de responsabilidade limitada, conformando o 34,2% das empresas, mentres que as demais modalidades sitúanse en porcentaxes de incidencia menores.

As sociedades cooperativas representan tan só o 0,7% do tecido empresarial español, ascendendo as comunidades de bens ao 3,5% e outros tipos ao 5,4%. É unha cifra moi pouco significativa, o que reflicte a falta de incentivos e de promoción deste tipo de empresas no noso país. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo (2012) sinala que o 99,88% do tecido empresarial está constituído por PEME, é dicir, empresas que teñen entre 0 e 249 empregados/as.

Táboa 1. Número de empresas en España segundo a súa condición xurídica no ano 2010. Números absolutos e porcentaxes


	Número	Porcentaxe
Sociedades Anónimas	105.203	3,2%
Sociedades Responsabilidade Limitada	1.125.990	34,2%
Comunidades de Bens	114.186	3,5%
Sociedades Cooperativas	22.702	0,7%
Persoas físicas	1.745.912	53,1%
Outras modalidades	177.270	5,4%
Total	3.291.263	100,0%

Fonte: elaboración propia a partir de INE (2012).

En canto ao número de traballadores/as que desenvolve a súa actividade en sociedades cooperativas, no gráfico 1 podemos apreciar como a maior parte sitúase en Andalucía e o País Vasco cun 19,2% dos traballadores/as en cada caso.

Seguiríanlle a Comunidade Valenciana (16,4%) e Cataluña (13,1%), mentres que nas demais comunidades a incidencia cooperativa é menor.

Gráfico 1. Porcentaxe de distribución de traballadores/as de cooperativas por comunidade autónoma no ano 2011




Fonte: Confederación Empresarial Española da Economía Social (CEPES, 2012).

Igualmente, en función do sector de actividade, a economía social en España céntrase no sector servizos (Grupo de Estudos Sociais e Económicos do Terceiro Sector [GESES], 2008) cun 50% das cooperativas e un 61% das sociedades laborais en relación ao número de sociedades no ano 2008.

Se comparamos o método empregado maioritariamente para acceder ao primeiro emprego (gráfico 2), vemos que tanto os graduados en ciclos formativos de grao medio como os de superior empregan en menor medida as xestións para establecerse pola súa conta: tan só o 4,76% e o 3,70%, respectivamente. Con todo, é xusto admitir que tampouco os demais grupos poboacionais destacan por decantarse cara a este modelo empresarial autónomo.


Gráfico 2. Persoas no primeiro período de procura de emprego por método de procura e colectivo en porcentaxes



Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE, 2005).

Se, de forma máis específica, nos centramos nun estudo de inserción laboral dos titulados/as en Formación Profesional realizado a nivel da comunidade autónoma galega (gráfico 3), podemos constatar como a maior parte dos titulados/as que obtivo emprego, fíxoo no sector privado (83%), seguido polo sector público (9,3%). Tan só un 3,8% logrou crear a súa empresa propia, e un 3,9% converteuse en traballador/a autónomo.


Gráfico 3. Porcentaxe de titulados/as en FP no ano académico 2009/2010 segundo o sector no que se insertaron laboralmente



Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria - Xunta de Galicia (2012).

Neste mesmo estudo tratouse de analizar o grao de iniciativa emprendedora do alumnado titulado preguntándolle acerca da intención que tiñan de crear unha empresa propia (gráfico 4). A ampla maioría destaca que non ten previsto iniciar unha actividade autónoma (88,6%), case un 10% ten intención de creala a medio ou curto prazo e un 1,9% xa a posúe. Trátase dunha incidencia moi baixa entre os titulados/as galegos, polo que realmente non podemos afirmar que sexa unha alternativa contemplada por unha franxa importante de persoas tituladas en FP. Cabería analizar cales son as trabas máis perentorias para limitar a existencia de vocación emprendedora entre o alumnado dos ciclos formativos e en xeral, entre os mozos en España. Para Ávila Romero e De Hoyos Vallejo (2011) existe unha forte influencia do que eles denominan o *clima do emprendedor*, que unido á incerteza económica e ás dificultades –cada vez máis extremas– de acceso ao financiamento, provocan que a taxa de actividade emprendedora se manteña á baixa no ano 2010, coa mesma tendencia en 2011. Tampouco as iniciativas vinculadas á promoción do emprendemento semellan estar a fornecer o resultado que a priori se esperaría delas.

Gráfico 4. Porcentaxe de titulados/as en FP en Galicia no ano académico 2009/2010 segundo a intención de crear unha empresa propia.



Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria - Xunta de Galicia (2012).

Estudos como o realizado polo *Instituto per a Ricerca Sociale - Universidade de Trento* (Italia) acerca da situación laboral dos mozos en España e Italia (financiado pola Comisión Europea), pon de manifesto que ditas medidas non están deseñadas para atraer a este segmento da poboación. As accións esenciais neste sentido teñen que ver coa redución das cotizacións sociais para a promoción do autoemprego e a capitalización da percepción da prestación por desemprego, o cal en xeral, redonda nunha escasa articulación deste tipo de medidas e nun menoscabo real da súa eficacia, especialmente se temos en conta que nos movemos nun contexto no que o denominado espírito emprendedor non está especialmente estendido. A todo iso hai que unir unha trama burocrática excesivamente complexa e unha necesidade de

capitalización que require no mellor dos casos, dun pequeno investimento inicial. Situámonos, por ende, lonxe da promoción real deste modelo de actividade.

Os obstáculos que afectan os empresarios/as mercantís parecen acentuarse pois, no caso dos emprendedores/as sociais. Referímonos neste caso a problemáticas de carácter financeiro como sinalamos, pero tamén á falta de capital humano ou á carencia dunha idea que levar á práctica (García Tabuena, Crespo Espert, Pablo Martí e Creciente Romero, 2008, p. 54).

3. A FORMACIÓN PROFESIONAL DIANTE DO RETO DA ECONOMÍA SOCIAL

Coincidimos con Marina (2004) cando afirma que ao promover a competencia de emprender entre a poboación xuvenil –e tamén sénior– é necesario definir aqueles proxectos considerados como máis valiosos para a sociedade e para a aprendizaxe do alumnado, neste caso de FP. É imprescindible entón, educar a *competencia emprendedora* establecendo uns obxectivos non só persoais senón tamén sociais proclives a un novo modelo de empresario/a –o *empendedor/a social*– responsable coa súa contorna e coherente coa súa realidade. Tal como está deseñado o fomento da competencia emprendedora, trátase dunha «competencia que posuíron en altísimo grao Hitler, os grandes ditadores e os financeiros ou industriais desaprensivos (e) non parece que sexa desexable que desde a escola promovamos este tipo de personaxes» (Marina, 2010, p. 69).

Non podemos renunciar tampouco ao *incentivo do espírito emprendedor*, pero reformulando o devandito termo mediante a súa aproximación á economía social como medio de subsistencia e xeración de riqueza –non unicamente económica, senón tamén, laboral, social e ética–, á vez que se incide na importancia non só de maximizar beneficios económicos privados senón tamén aqueles beneficios sociais. Lembremos que a promoción por parte dos poderes públicos de iniciativas deste tipo recóllese na Constitución Española (artigo 129.2) e que a pesar diso, a baixa incidencia dos modelos empresariais propios da economía social pon de manifesto que este mandato está cando menos, desatendido.

Noutra publicación analizamos as iniciativas postas en marcha desde a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en Galicia no marco da promoción do autoemprego (Rego Agraso, 2010) entre o alumnado de ciclos formativos. De todas as accións propostas nese momento –ano 2008/2009– ningunha se centraba especificamente na economía social ou en modelos de creación de sociedades

cooperativas. O antigo programa *FP Plus* quedou incluído no programa denominado *Eduemprende*, que abarca todas as accións promotoras do emprendemento no sistema educativo galego e que recolle as iniciativas do anterior programa, engadíndolle a realización de seminarios e xornadas de autoemprego destinadas ao conxunto do alumnado galego (de FP, Bacharelato e ESO). No marco deste programa establécese, ao redor da Economía Social, un certame de cooperativas dirixido ao alumnado e profesorado galego adaptado ao nivel formativo dos alumnos/as. Os participantes do nivel de FP deben presentar un proxecto empresarial cooperativo, desenvolvendo o proceso completo da súa posta en marcha baixo dita fórmula, de maneira orixinal, coherente e viable economicamente. Existe un premio á idea máis orixinal e viable, quedando as demais propostas sen recoñecemento aparente. Parece por tanto, unha medida accesoria –o cal non exclúe a súa necesidade–, cuxa incidencia na aprendizaxe de competencias emprendedoras é cando menos, ampliable.

Ao mesmo tempo, se o que se pretende é contribuír desde a Formación Profesional regrada a un desenvolvemento humano e sustentable na contorna local, parece imprescindible vincular o emprendemento en economía social á innovación e á investigación. Xurde así outra encomenda que define como debe ser o modelo de emprendedor/a a promover desde as institucións formativas públicas. Vázquez Barquero (1986, p. 105) xa sinalaba que «a consideración da capacidade empresarial e de iniciativa como valor social positivo da colectividade é, entre outros, un factor favorecedor do desenvolvemento endógeno». Trátase de promover un proceso de desenvolvemento como expresión da «tripla capacidade dunha sociedade económica para innovar, para ser solidaria, para reaccionar e para regularse» (Íbidem, p. 108). Un modelo de Formación Profesional adaptado ás necesidades dos territorios locais e promotora dunha economía social de base como regulador e xestor das carencias sociais determinadas pola sociedade de mercado, pode contribuír a esta modalidade de desenvolvemento.

Xa desde os documentos das Décadas para o Desenvolvemento, se puxo especial énfase na investigación e a innovación, dado que sen progreso científico non pode existir desenvolvemento. Por iso é polo que unha das medidas que se propoñen para promover o desenvolvemento é apoiar economicamente a investigación e a mellora tecnolóxica nos territorios en cuestión. Nesta encomenda é onde a capacitación laboral xoga un papel esencial, ao incentivar a empregabilidade das persoas á vez que debe xerar profesionais non só actualizados, senón con perspectivas de manterse nesa situación ao longo do seu desenvolvemento profesional. A contrapartida ao

devandito esforzo e interese non pode ser outra que a estimulación do que a Organización Internacional do Traballo (OIT) veu denominando *emprego decente*, ou o que é o mesmo, asegurar postos de traballo en condicións de dignidade e respecto polos dereitos laborais para unha gran maioría social.

É aquí onde a economía social xoga o seu papel protagonista, xa que en palabras de Michel Rocard (citado por Lais Puzino, 2005, p. 34) é única na súa capacidade de combinar a produción de bens e servizos de utilidade social coa creación de emprego, o desenvolvemento local e a loita contra a exclusión social. Lígase así co modelo de desenvolvemento que podemos denominar humano e sustentable e que excede o meramente económico para centrarse no benestar social e ambiental. En definitiva, coincidimos con Morais Gutiérrez (1996, p. 254) citado por Vargas Sánchez (2001, p. 336) cando di que «a sociedade cooperativa é a empresa humana, a empresa personalista por excelencia, un modelo empresarial configurado ao redor dun valor básico: a soberanía da persoa sobre o resto dos factores produtivos». En consonancia con este autor, é de especial relevancia o papel que xogan este tipo de sociedades na creación de emprego –tanto na súa variable cuantitativa como cualitativa–, demostrando así que esta forma empresarial non ten por que considerarse ineficiente ou de segunda categoría.

4. CONCLUSIONES. O EMPRENDEMENTO SOCIAL COMO INICIATIVA DE FUTURO PARA OS MOZOS/AS CUALIFICADOS

A situación actual dos mozos induce á toma de conciencia da necesidade de iniciar medidas a favor do emprego sen máis dilación –as cifras de desemprego xuvenil en España superaron o 41% no ano 2010 (*Instituto per la Ricerca Sociale*, 2012) e actualmente sitúanse preto do 60%–, para o que se presenta como ineludible prestar atención a algúns dos riscos que afectan especialmente a este colectivo. A desvalorización e desprofesionalización daqueles mozos altamente cualificados é, ao noso xuízo, unha das necesidades a abordar. Neste sentido, sinálase no estudo referido previamente que a pesar das súas cualificacións, os mozos/as traballadores con alto nivel educativo deben ser considerados un grupo social en situación de risco, aludindo a varios argumentos: non están seguros da súa identidade profesional e as súas perspectivas de futuro; son excluídos dos procesos de regulación social a grande escala; teñen escaso poder de negociación e, a miúdo, a súa experiencia laboral dáse en condicións inestables e «non reciben unha atención significativa, recoñecemento ou

protección por parte das institucións, empresas, administracións públicas, ou das forzas políticas e sociais» (Íbidem, p. 07). Máis que nunca é necesario un compromiso cos mozos/as cualificados, promovendo desde os ensinos de Formación Profesional, formas empresariais de futuro que xeren, ao tempo, inserción laboral e beneficio social, en aras dun desenvolvemento equilibrado e estable en consonancia co modelo de desenvolvemento humano e sustentable.

Por último, só nos resta referirnos ás posibilidades de xeración de capital dos ensinos de Formación Profesional, aludindo especialmente ao capital humano, social, cultural e identitario (Côte, 2005; Desjardin, 2008 e Feinstein et al., 2009, citado por Centro Europeo para o Desenvolvemento da Formación Profesional (CEDEFOP, 2013) e engadir que todos eles deben, en consonancia coas necesidades sociais actuais, ser promovidos de igual modo e contribuír á xeración dunha sociedade máis xusta e equitativa. Aspecto este último no que o papel da economía social – actualmente infradesenvolvida e pouco apoiada polos poderes públicos– é de vital importancia como xeradora de riqueza colectiva, allea en certa medida á lóxica capitalista. A súa contribución a un desenvolvemento equilibrado, sustentable e humano non pode desestimarse de ningunha maneira, do mesmo xeito que non debemos resignarnos a que a Formación Profesional non forme parte diso.

5. REFERENCIAS, BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA

Ávila Romero, F. e De Hoyos Vallejo, E. (2011). Emprender actualmente en España. Una breve revisión. *Extoikos*, 2, 123-125.

Centro Europeo para o Desenvolvemento da Formación Profesional, CEDEFOP (2013). *Benefits of vocational education and training in Europe for people, organisations and countries*. Luxembourg: Publications Office of the European Union.

Confederación Empresarial Española da Economía Social, CEPES (2012). *El cooperativismo español. Una fórmula empresarial de futuro*. Madrid: Autor.

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria - Xunta de Galicia (2012). *Informe Inserción laboral das persoas tituladas de FP que remataron estudos no curso 2009-2010 e Ocupación laboral das persoas que superaron o módulo de FCT no ano 2011. Estudo comparado con estudos anteriores*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

- Constitución Española. *Boletín Oficial del Estado*, 29 de diciembre de 1978, núm. 311. Recuperado de <http://www.boe.es/boe/dias/1978/12/29/pdfs/A29313-29424.pdf>
- García Tabuenca, A., Crespo Espert, J. L., Pablo Martí, F. e Cresiente Romero, F. (2008). Emprendedores y empresas en España. Un enfoque ecléctico. *Economía Industrial*, 367, 51-65.
- Grupo de Estudos Sociais e Económicos do Terceiro Sector, GESES (2008). *Memoria final proyecto de investigación: «Estudio sobre las cooperativas y sociedades laborales en España: creación de empleo y contribución al desarrollo económico»*. Zaragoza: Universidad de Zaragoza.
- Instituto Nacional e Estatística, INE (2005). *Encuesta de transición educativo-formativa e inserción laboral (ETEFIL) 2005*. Recuperado de <http://www.ine.es/jaxi/menu.do?type=pcaxis&path=%2Ft13%2Fp451&file=inebase>
- Instituto Nacional de Estadística, INE (2012). *Anuario Estadístico de España 2011*. Madrid: Autor.
- Instituto per la Ricerca Sociale, Departamento de Sociología e Investigación Social de la Universidad de Trento, Amitié, Institute for Employment Studies e Centro de Estudios Económicos Tomillo (2012). *¿Atrapados o flexibles? Transiciones de riesgo y políticas a desarrollar para las y los jóvenes trabajadores altamente cualificados en Europa. Resumen Ejecutivo. Comisión Europea*. Recuperado de <http://www.injuve.es/sites/default/files/resumenejecutivo.pdf>
- Lais Puzino, S. (2005). Deuda, desarrollo local y economía social. *CIRIEC-España, Revista de Economía Pública, Social y Cooperativa*, 64, 35-58.
- Marina, J. A. (2004). *Aprender a vivir*. Barcelona: Ariel.
- Marina, J. A. (2010). La competencia de emprender. *Revista de Educación*, 351, 49-71.
- Ministerio de Industria, Energía y Turismo (2012). *Retrato de las PYME 2012*. Madrid: Dirección General de Industria y de la Pequeña y Mediana Empresa.
- Molina Moreno, V. (2010). Emprendedurismo desde las entidades sin ánimo de lucro de la economía social financiera. *Revista Cooperativismo y Desarrollo*, 18(97), 34-49.
- Organización Internacional do Traballo, OIT (2013). *Tendencias mundiales del empleo 2013*. Xenebra: OIT. Recuperado de http://www.ilo.org/wcmsp5/groups/public/---dgreports/---dcomm/---publ/documents/publication/wcms_202216.pdf

Rego Agraso, L. (2010). A Formación Profesional Inicial como contexto de aprendizaxe e fomento do emprendemento entre a xente nova: situación no mercado laboral galego e iniciativas. En A. Rial Sánchez, M. Valcarce Fernández, M. M. Sanjuán Roca, R. Mariño Fernández e L. Rego Agraso (2010), *Aprender a emprender a través da educación e a formación. Actas XI Congreso Internacional de Galicia e Norte de Portugal de Formación para o Traballo* (pp. 453-468). Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela.

Vargas Sánchez, A. (2001). O cooperativismo como fórmula empresarial de futuro para canaliza-lo espírito emprendedor colectivo. *Revista Galega de Economía*, 10(1), 331-346.

Vázquez Barquero, A. (1986). El cambio de modelo de desarrollo regional y los nuevos procesos de difusión en España. *Estudios Territoriales*, 20, 87-110.

A experiência da ACIB na preparação imaterial das pessoas combate à vulnerabilidade em tempos de crise

JOÃO ALBUQUERQUE

ACIB - Associação Comercial e Industrial de Barcelos

1. INTRODUÇÃO - A ACIB E A DIVISÃO DE FORMAÇÃO

As origens da Associação Comercial e Industrial de Barcelos (ACIB) remontam a 1890, inicialmente mais vocacionada para o comércio. Após sucessivas reformulações, ao abrigo dos quadros legais vigentes, assumiu a designação de Associação Comercial e Industrial de Barcelos em 1990. Este longo historial faz da ACIB uma das mais representativas associações do país.

A ACIB representa o tecido empresarial do vale do Cávado e possui 4.874 empresas associadas. A zona de intervenção da ACIB é a região do NUT III do Cávado. Esta é composta pelos concelhos de Amares, Barcelos, Braga, Esposende, Terras de Bouro e Vila Verde, todos pertencentes ao Distrito de Braga.

No Vale do Cávado existem cerca de 13.294 empresas, sendo 3.355 indústria, 2.278 comércio, 4.808 construção e 2.853 outros sectores.

Em 2008, as exportações representaram 18,5% do volume de negócios da região NUT Cávado, isto é o dobro que se verificou a nível nacional, o que confere uma vocação exportadora a esta região. O peso das Exportações no Volume de Negócios concelho é muito elevado.

O sector da indústria no concelho de Barcelos é composto por 2.956 empresas industriais (Instituto Nacional de Estatística [INE], 2008), empregando cerca de 25.000 trabalhadores (50% do emprego), pelo que se atribui a este sector a maior responsabilidade em matéria de crescimento do concelho, quer em postos de trabalho, quer em volume de vendas.

Superando diversas barreiras e dificuldades, a indústria local tem-se afirmado no tecido industrial do país, valendo neste momento 7,1% da indústria de todo o Norte. O

seu crescimento foi acompanhado da especialização e qualidade dos produtos, tendo aumentado sucessivamente o seu reconhecimento internacional.

Criada há 20 anos, a divisão de formação da ACIB pode considerar-se pioneira na promoção da formação, em benefício das empresas. A ACIB claramente antecipava que a qualidade dos recursos humanos é decisiva para a competitividade dos países e das regiões. Em Portugal, e em especial na nossa região, a qualidade dos recursos humanos tem sido um verdadeiro problema ao desenvolvimento e consolidação da riqueza empresarial, pelo que importava iniciar acções que reduzissem este problema.

Por estas razões, ciente da importância da Formação Profissional, a ACIB tem desenvolvido as suas competências nesta área, tendo uma Divisão de Formação Profissional muito activa, profissional e assente numa equipa técnica especializada.

Destacamos as principais linhas de formação que a ACIB realiza:

- Formação contínua para empresários, quadros e activos trabalhadores;
- Formação/acção para empresas;
- Formação de qualificação inicial para jovens;
- Educação-formação de adultos;
- Diagnóstico e elaboração de planos de formação;
- Programa de estágios nas empresas.

A intervenção da ACIB na Formação Profissional tem-se feito considerando que não há desenvolvimento, riqueza e competitividade se os recursos humanos, de forma vertical, não forem qualificados.

O combate à inserção de jovens não qualificados no mercado de trabalho é essencial para que o modelo negativo não se reproduza nos mais jovens e, conseqüentemente, para que não se mantenha na região o perfil do não qualificado ao longo das gerações.

A Formação Profissional destinada aos activos e empresários constitui um instrumento decisivo para adaptação aos novos modelos de funcionamento, a adequação aos perfis profissionais necessários e ao incremento da capacidade de gestão, planeamento e inovação.

A intervenção junto de públicos desempregados é um esforço que a ACIB tem empreendido, atenta a situação local e a necessidade imperativa de reconduzir estes

trabalhadores para áreas de emprego distintas, com exigências diferentes das que estavam habituados.

2. A RESPONSABILIDADE SOCIAL DAS EMPRESAS SOBRE OS PROCESSOS DE FORMAÇÃO PROFISSIONAL CONTÍNUA JUNTO DOS SEUS TRABALHADORES - O DESEMPENHO DA ACIB NA COMPLEMENTARIDADE DESSA OBRIGAÇÃO

A responsabilidade das empresas em matéria de formação de adultos activos implica que as empresas adotem posicionamentos de inter-relação entre a performance social e a performance económica (Pessoa, 1992, p. 4). Presentemente assiste-se a uma revalorização das empresas e das suas funções e este facto não será indissociável da crise económica e social. Esta viragem deve-se à assunção de que as empresas têm um papel bem mais alargado do que o seu carácter meramente económico.

Nesta óptica há uma preocupação com as interacções desenvolvidas entre as empresas e a sociedade, assumindo as empresas uma missão mais abrangente, intimamente associada à sociedade em que se insere e ao impacto que nela gera.

Desta confluência de interesses resulta um compromisso entre aquele que é o objectivo das empresas, de pendor maioritariamente económico e aquilo que a sociedade tem direito de exigir, nomeadamente em matéria de ecologia, emprego de grupos sociais mais vulneráveis, entre outras. Não obstante esta aceção, o conceito de responsabilidade social das empresas remete ainda para o domínio da formação profissional inicial e contínua e de valorização dos seus recursos humanos.

«A responsabilidade social das empresas reporta-nos para o domínio do planeamento, da organização, da comunicação e do controlo das actividades de âmbito social que estas assumem, seja em relação aos trabalhadores, clientes, accionistas e à própria comunidade envolvente» (Pessoa, 1992, p. 6).

E este é precisamente um dos objectivos que se apresenta às empresas que pretendem ser competitivas: atender à performance económica e social, entendendo-as como dimensões indissociáveis, sendo a primeira força motriz da segunda.

Numa outra aceção teórica complementar, definida por Sainsaulieu «o desenvolvimento social da empresa como solução para os problemas da crise implica considerá-la não mais só como uma sociedade de capitais (...) mas como uma

sociedade de acção colectiva de carácter económico» (1987, p. 346). Neste sentido as empresas são uma instituição social central nas nossas sociedades e o seu funcionamento concede-lhes autonomia suficiente para influenciar o sistema social global. Noutros termos, as empresas surgem como produtoras de normas, valores e regras que influenciam os comportamentos e as atitudes sociais dos cidadãos (Idem, p. 345).

«No âmbito desta interpretação estamos perante uma empresa integrada numa sociedade do saber e da informação» (Moura, 1994, p. 16), em que os processos de aprendizagem e de produção de saberes e de competências assumem uma importância decisiva na sua capacidade competitiva.

A ACIB defende a perspectiva segundo a qual as empresas têm um papel insubstituível no processo de transformação e desenvolvimento social, a par do Estado, da Escola e de outras instituições. Nesse sentido, tal implica a aposta na formação contínua dos trabalhadores e/ou a formação básica dos que não possuem a escolaridade obrigatória.

Esta situação tem maior evidência na realidade portuguesa, devido à existência de graves estrangulamentos no sistema de ensino-formação que se crê repercutirem na fragilidade e na dependência do tecido produtivo. Subjacente a esta concepção de empresa está uma aposta em processos de formação contínua de adultos activos, encarados numa perspectiva de co-investimento.

As empresas têm assumido, por conseguinte, responsabilidades mais latas na formação profissional dos seus trabalhadores, como condição necessária para assegurar a sua competitividade. «Deste modo as empresas emergem como actor institucional e parceiro incontornável no domínio da formação contínua, mas igualmente no domínio da formação de base, o que representa que estamos perante um alargamento das suas responsabilidades formativas» (Azevedo, 1993, p. 2). A orientação das empresas para políticas de formação contínua é incontornável, na medida em que a evolução tecnológica e o encurtamento do ciclo de vida dos produtos são rapidamente ultrapassados.

Apesar de nem sempre ter havido uma valorização da formação pelas empresas, com maior expressão até ao início da década de noventa, aquelas tendem a manter-se afastadas dos processos de formação formais. Note-se que nos últimos quatro anos da década de oitenta, apenas 22% das empresas da indústria transformadora realizaram acções de formação.

Com o intuito de contrariar esta situação, a ACIB criou a sua divisão de formação. Assumindo-se como um parceiro crucial das empresas, a ACIB tem um papel privilegiado na promoção da formação, intervindo de modo a que a formação vá além da formação formal, que tradicionalmente é realizada no posto de trabalho, através de uma aprendizagem rápida que visa apenas a preparação para a execução de tarefas simples e rotineiras.

3. MODELO DE FORMAÇÃO DA ACIB – CONTRIBUTOS PARA A VALORIZAÇÃO DO PATRIMÓNIO IMATERIAL

Presentemente vivemos tempos de transição cultural, fortemente marcados por mutações técnico-económicas, a sociedade da informação e a globalização económica. Comumente estas características são envoltas numa retórica técnico-económica e política muito optimista, como se elas estivessem cheias de virtuosidades e nada mais do que virtuosidades (Azevedo, 1999).

Neste contexto, importa reflectir acerca do papel da educação e da formação na sociedade e procurar olhar criticamente os discursos políticos e técnicos-económicos.

Reconhecendo que para muitos cidadãos ao mesmo tempo que aumentam as possibilidades de acesso à informação, diminuem as possibilidades de a ler, numa perspectiva de (i)literacia.

De qualquer dos modos, convive-se com o suposto imperativo socioeconómico de se exigir uma mão-de-obra altamente qualificada, mão-de-obra esta que a educação e a formação têm de procurar formar.

No entanto, começam a insurgir-se «narrativas» que não corroboram esta perspectiva, nomeadamente nas áreas da sociologia e da educação, que justificam que a maior parte dos novos empregos criados são indiferenciados e não qualificados; que a aprendizagem da utilização das chamadas «novas tecnologias» se faz em cursos curtos, em poucas horas e com pessoal pouco qualificado; com a agravante das «novas competências» que contribui para atribuir uma nova categoria a todos aqueles que não obtêm emprego: são incompetentes.

Estes aspectos levantam questões relativas à transição educação-formação-trabalho, aumentando as dúvidas quanto ao que serão o trabalho e o emprego, não só em termos de utilidade social, de remuneração, mas também de realização pessoal, entrando no plano do que é imaterial.

Deste modo, impõe-se a questão já suscitada por Azevedo: se os itinerários profissionais são imprevisíveis, então para quê especializar os jovens neste ou naquele domínio de formação? No limite, pode-se perguntar porque é que a escola não se concentra na sua missão de dar a todos uma boa formação de base, o mínimo cultural comum?

Parece que os discursos políticos que vêm apregoar as reformas educativas estão arredados numa retórica económica, concentrada na qualificação dos recursos humanos, fomento da adaptabilidade dos cidadãos às mudanças que ocorrem no mundo do trabalho, participação na competitividade crescente entre empresas e entre economias e blocos económicos (ibidem).

Paradoxalmente, o que se pretenderia seria que a educação e a formação, enquanto redutos do desenvolvimento humano, tivessem o seu efeito sobre o discurso económico, o que de todo parece não estar a suceder, sobretudo no momento actual.

A viragem da perspectiva do individuo-cidadão para a do individuo-activo/trabalhador, retirou-se da educação escolar a sua relevância educacional e social, subjugando-a aos pressupostos da inclusão na vida activa, para o factor produtivo.

Como já atrás referimos, apesar da existência de algumas vozes dissonantes, este rationale generalizou-se. Para a ACIB, entidade intimamente associada aos contextos da produção, da indústria e do comércio, por conseguinte, com uma visão tendencialmente tecnocrática sobre estas questões, torna-se no mínimo «crítico» posicionar-se em termos de perspectivas e consequentemente de práticas na procura de determinados objectivos.

Convocando novamente Azevedo, as sociedades de hoje e dos tempos que se avizinham são mais incertas e complexas no seu inter-relacionamento, explodem de fontes de informação e de conhecimento, requerem da educação escolar já não uma mera assimilação certificada de saberes, mas a promoção de capacidades novas para os criticar, abertura à mudança, novas competências em ordem ao saber-ser e saber conviver com os outros, numa sociedade onde a construção pessoal de sentido se tornou uma tarefa difícil, dada a instabilidade de referências e a volatilidade das tradicionais vinculações sociais (como o trabalho assalariado).

3.1 Alguns números descritivos da formação da ACIB


A ACIB promove formação respeitante aos níveis de formação profissional 3 a 5 e de formação escolar correspondente aos 9º ano e 12º ano.

Em matéria formativa a missão da ACIB procura dar resposta aos destinatários da Formação Profissional de acordo com as tipologias de formação executadas e financiadas no âmbito dos Programas Operacionais em vigor:

- Sistema Aprendizagem (destinam-se a jovens);
- Educação e Formação de Adultos com Certificação Escolar e Profissional (destinam-se a activos-desempregados; públicos desfavorecidos e com baixas qualificações);
- Formação Modular Certificada (destina-se a adultos activos-trabalhadores e activos desempregados; jovens à procura do 1º emprego; empresários; quadros e chefias);
- Formação PME – Consultoria e Formação-Ação (activos-trabalhadores, quadros, chefias, empresários).

Nos últimos cinco anos a ACIB tem envolvidos nos programas acima indicados 30.183 formandos, dos quais 56% são mulheres e 44% homens. O número de empresas que actualmente presta apoio à aprendizagem é de 569. Destes 30.183 a distribuição é a constante do gráfico abaixo, conforme as modalidades indicadas.

Gráfico 1. Numero de formandos por tipologia de formação (últimos 5 anos)




Fonte: elaboração própria.

Claramente se confirma que a formação modular é a que teve maior número de participantes, com 12.552 formandos, seguida da formação PME, com especial relevância pela implicação directa das empresas e 9.311 formandos envolvidos, sucedendo-lhe o Centro Novas Oportunidades com 3.928 formandos, e logo depois a modalidade da Aprendizagem com 2.477 formandos. Logo depois surgem os Cursos EFA com 1.168 formandos e por fim os Curso de Educação e Formação com 747 participantes.

Estes diversos públicos podem ser genericamente agregados em jovens (modalidades de CEF e Aprendizagem) e adultos (todas as restantes modalidades), sendo a sua representatividade muito superior em termos de público adulto, com 89% do total de participantes (gráfico 2).

Gráfico 2. Participação na formação por faixas etárias



Fonte: elaboração própria.

A óptica que temos perseguido no âmbito da formação que realizamos, com bastante expressão seja em volume como em número de pessoas envolvidas, é inalienável do desenvolvimento humano de cada um dos adolescentes, jovens e adultos que participam nos nossos programas de formação.

Temos procurado o reforço da nossa capacidade em proporcionar um efectivo desenvolvimento de cada educando, fomentando em cada um aquilo que é basilar - a aquisição dos saberes fundamentais, indissociável e não menos importante, do desenvolvimento de diversos tipos de inteligência, a capacidade de se conhecer (de se revelar) e de se reconhecer como sujeito social, em relação com os outros, convivendo com eles, de modo a que se possa orientar no mundo em que vive, tornando-se cada vez mais «sujeito activo da sua própria existência» (Fernandes, 1998).

4. CONCLUSÃO

O Relatório da Organização das Nações Unidas para a Educação, Ciência e Cultura, (UNESCO), Educação, um Tesouro a Descobrir, previne que «é preciso assinalar novos objectivos à educação e, portanto, mudar a ideia que se tem da sua utilidade». Esta deveria assentar antes de mais na concepção da educação como processo de revelação do tesouro escondido em cada um de nós (1996). Esta visão enquadra-se no paradigma do desenvolvimento humano solidário e vai ao encontro das noções acima expressas de *empowerment* e de sujeitos activos e responsáveis por si mesmos e pelos seus percursos.

Com esse intuito, na ACIB temos procurado munir-nos de profissionais qualificados, motivados, de mente aberta e capacidade compreensiva sobre o mundo e sobre os outros. Tal desiderato sucede porque se procura que o nosso espaço de formação seja um contexto de aprendizagem, de trabalho, com exigência, onde se reúnem múltiplos esforços e variados meios para fazer aprender, para aprender a aprender, para aprender a ser, já que lamentavelmente nos deparamos com públicos com múltiplas vivências que em tudo contrariam estas finalidades.

Gostaríamos que o gosto em aprender e descobrir, o prazer em conseguir apreciar uma manifestação artística, o desenvolvimento da sensibilidade, a capacidade de estabelecer conexões entre realidades e aspectos, dê aquela sensação que não se pode comprar, que também não é «fast» e que integra o património interior, imaterial, de cada um. Será o que alguns autores designam por expressões de civilização.

Neste sentido, enquanto instituição educativa e formativa, não ignoramos o contexto social em que nos inserimos, pelo que procuramos proporcionar espaços, oportunidades, interlocutores, parcerias, como mais-valias, tendo sempre presente o conhecimento da realidade. Estamos cientes de que o estabelecimento de parcerias e das redes locais de cooperação se tornam as actuações mais eficazes, pelo aproveitamento de sinergias.

Temos plena consciência de que somos uma entidade que se implica nos processos em que estão envolvidos os nossos formandos (mercado trabalho, estágios profissionais, actividades com a comunidade, etc.) e que estamos sempre disponíveis para atender e orientar processos formativos.

Parece-nos que não estamos isolados nesta tendência. A revalorização social do factor humano nas empresas, assim como o impacto económico de uma educação e

formação multidimensional, de cunho cultural, concorrem para a edificação de um novo quadro de referência das instituições educativas. Neste âmbito a ACIB beneficia de uma dupla visão: a empresarial e que tem enquanto organização de agregação empresarial e aquela que é própria de uma entidade que também tem responsabilidade social.

5. REFERÊNCIAS, BIBLIOGRAFIA E WEBGRAFIA

Azevedo, J. (1999). *Voos de borboleta. Escola, trabalho e profissão*. Porto: Edições Asa.

Azevedo, L. (1993). *Sugestões para a reforma da formação profissional empresarial*. Policopiado (pp. 1-9).

Fernandes, A. T. (1998). A escola e a sociedade. *Saber Educar*, 3, 25-39.

Godinho, R., Gonçalves, F., Pimentel, D. e Vieira, C. (1996). Das expectativas aos efeitos sociológicos da Formação Profissional. *Sociologia - Problemas e Práticas*, 20, 215-224.

Fuller, J. e Farrington, J. (Orgs.) (2001). *Da Formação ao Aperfeiçoamento do Desempenho*. Coimbra: Edições Quarteto.

Guimaraes, P. C. O. (2011). *Políticas de educação de adultos em Portugal (1999-2006): a emergência da educação para a competitividade*. Braga: Universidade do Minho.

Instituto Nacional de Estatística, INE (2008). *Anuário Estatístico da Região Norte*. Recuperado de http://www.ine.pt/xportal/xmain?xpid=INE&xpgid=ine_publicacoes&PUBLICACOES_tipo=ea&PUBLICACOEScoleccion=107689&selTab=tab0

Organização das Nações Unidas para a Educação, Ciência e Cultura, UNESCO (1996). *Educação, um tesouro a descobrir. Relatório para a UNESCO da Comissão Internacional sobre Educação para o Século XXI*. Porto: Edições Asa.

Parente, C. (1995). Avaliação de impacto da formação sobre as trajetórias profissionais e a competitividade empresarial. Um ensaio em empresas do sector têxtil do Vale do Ave (Dissertação de Mestrado não publicada). ISCTE, Lisboa.

Sainsaulieu, R. (1997). *Sociologia da Empresa, Organização Cultural e Desenvolvimento*. Lisboa: Edições Instituto Piaget.

O cooperativismo e a súa contribución ao desenvolvemento local

LAURA REGO AGRASO

EVA MARÍA BARREIRA CERQUEIRAS

Universidade de Santiago de Compostela

1. INTRODUCCIÓN

O modelo de desenvolvemento humano e sustentable ten a súa orixe no Programa de Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD), o cal en 1990 define por primeira vez o concepto. Trátase dun proceso que acada o seu cumio nesta década, mais que levaba sendo abordado por distintos investigadores/as e colectivos dende mediados dos anos setenta. A constatación do fracaso das receitas neoliberais diante da crise latinoamericana dos anos oitenta levou a asociar o benestar social non só ao crecemento económico, senón á súa influencia na calidade de vida das persoas, revelándose así a saúde, a educación, o emprego ou a convivencia sustentable co medio ambiente como elementos imprescindibles ao aludir ao desenvolvemento. O modelo do cooperativismo como factor de emprendemento social, repercute directamente na colectividade ao nacer con vocación de servizo á sociedade e xerador de emprego estable. As súas características, que abordaremos a continuación, convérteno nun modelo propicio de cara ao fomento do desenvolvemento humano e sustentable, especialmente a nivel local.

Tras un breve percorrido polas orixes deste modelo, aludiremos ás potencialidades da contorna local na contribución ao mesmo e posteriormente incardinaremos ao emprendedor/a social como motor do territorio e alternativa á tradicional concepción do emprendedor/a. Para concluír, argumentaremos a favor da promoción do cooperativismo e do emprendemento social como saída dos titulados/as en Formación Profesional no contexto de crise económica que actualmente padecemos.

2. O CONCEPTO DE DESENVOLVEMENTO HUMANO E SUSTENTABLE: ANTECEDENTES E ORIXE

Malia que no imaxinario colectivo o termo desenvolvemento é algo comunmente aceptado, este trae consigo moitas e moi variadas interpretacións aínda hoxe en día. Cronoloxicamente foi evolucionando desde unha concepción eminentemente económica ata unha consideración na que tamén se inclúen aspectos humanistas e culturais. A existencia de desigualdades entre as persoas e, en consecuencia, entre os propios estados é unha situación que vén precedendo ao ser humano desde séculos atrás, polo que non foron poucas as investigacións que, desde ópticas económicas e tamén sociais, indagaron acerca dos factores que xeran benestar social.

Non será ata os séculos XVIII e XIX cando o termo *progreso* pase a constituírse como idea dominante, especialmente no contexto occidental, relacionándose con acepcións como *igualdade*, *xustiza social* ou *soberanía popular*. Enténdese pois, o progreso como o marco no cal se van desenvolver as ideas anteriores, como forma de liberdade e de poder (Nisbet, 1981). Nos albores do século XX, o que se entendía como progreso entrará nunha gran contradición existencial, é dicir, anhélase o logro de maiores cotas de progreso, pero existen outras connotacións que tratan de definir que tipo de progreso se precisa e como se pretende acadar. Aparece o concepto de *desenvolvemento* vinculado directamente á sociedade de consumo e á economía como motor do benestar social. Neste senso, o primeiro paradigma ou modelo de desenvolvemento coñecido é a Teoría da Modernización.

En contraposición a isto, o papel xogado polo Programa de Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD) nos anos 80 respecto da construción do concepto *desenvolvemento* merece ser tamén amplamente destacado. É no I Informe Anual sobre Desenvolvemento Humano cando aparece a primeira definición do concepto (elaborada por Amartya Sen), entendido como un proceso mediante o cal se amplían as oportunidades dos individuos, sendo as máis importantes: unha vida prolongada e saudable, acceso á educación e un nivel de vida decente. Outras oportunidades inclúen a «liberdade política, a garantía dos dereitos humanos e o respecto a si mesmo» (PNUD, 1990, p. 33). Relaciónase así o concepto de desenvolvemento coa calidade de vida en termos cualitativos e non tanto cuantitativos, entendendo que esta depende non tanto do nivel de ingreso senón do uso que se lle dá ao mesmo.

De forma case simultánea –anos oitenta– comeza a concibirse outro concepto de desenvolvemento altamente vinculado co benestar humano, pero tomando como

referencia o medio ambiente. En 1987 publícase o coñecido como *Informe Brundtland* e defínese o desenvolvemento sostible como aquel que é quen de satisfacer as necesidades do presente sen comprometer a capacidade das xeracións futuras de facer o propio. Esta nova noción de desenvolvemento é empregada por numerosos organismos e programas internacionais, tomando o binomio *sostibilidade/desenvolvemento* como tema nuclear. Destaca especialmente o *Informe sobre Cidades Europeas Sostibles* (Comisión Europea, 1996) no cal se establecen cinco características da sostibilidade como tal: límites medioambientais; eficiencia medioambiental; xestión da demanda –a cantidade de bens debe ser substituída pola calidade de vida–; eficiencia do benestar –equivalente social da eficiencia medioambiental– e equidade.

Diante da necesidade de incluír a sostibilidade nos conceptos de desenvolvemento impulsados polo PNUD aparece o concepto e o modelo de *desenvolvemento humano sostible* como nova folla de ruta. Ponse así de manifesto a *incompatibilidade do modelo de desenvolvemento auspiciado por aqueles países máis ricos, coa satisfacción das necesidades básicas de toda a poboación mundial* (Aguado, Echebarría e Barrutia, 2009, p. 105), o que implica a imposibilidade de importar ese mesmo nivel de consumo a terceiros países. Suscítase a necesidade de cambiar os modos de vida predominantes nos países máis poderosos, en aras de alcanzar un desenvolvemento máis equitativo e sostible, sen comprometer a vida das xeracións futuras, ao mesmo tempo que humano e cultural. O precursor deste novo modelo, Boutros-Ghali, publica en 1995 o informe que leva por título *Unha axenda para o desenvolvemento* onde establece unha serie de dimensións que o conforman (Mata Iturralde, 2004), ampliadas posteriormente no Informe asinado por Pérez de Cuéllar (1996, pp. 62-63), centrando o concepto de desenvolvemento humano sostible na consecución de aspectos como a Potenciación (aumento da capacidade das persoas para ampliar as súas opcións existenciais); a Cooperación; a Equidade; a Sostibilidade e a Seguridade. En definitiva, trátase de integrar os conceptos de desenvolvemento humano e sostible nun único termo que sitúe ao ser humano no centro, pero «desde unha perspectiva de solidariedade non só intraxeracional, senón tamén interxeracional» (Aguado, Echebarría e Barrutia, 2009, p. 106). Neste novo concepto conflúen as vertentes económica, ecolóxica e sociocultural, polo que as *Estratexias para o Desenvolvemento* van ter que incluír medidas nestes tres ámbitos. Se tomamos este modelo como aplicable á realidade máis inmediata non podemos senón coincidir co PNUD ao afirmar que o desenvolvemento humano (e por extensión o humano e sostible) ou é local ou non é. Para que un individuo teña oportunidades, estas teñen

que ser xeradas na súa contorna inmediata (Obregón Davis, 2008), cobrando así sentido a frase *pensar globalmente, actuar localmente*. Xa na Declaración das denominadas *Décadas para o Desenvolvemento* propostas pola ONU, tanto os obxectivos como as iniciativas requirían dunha análise exhaustiva de cada sociedade, xa que un dos maiores problemas consiste en extrapolar os beneficios xeneralizando as problemáticas (Íbidem, p. 24).

Precisamente as revisións realizadas a estas dúas Décadas do Desenvolvemento (1960-1970 e 1970-1980) poñen de manifesto que non é posible estender a todos os territorios as necesidades detectadas nun espazo concreto, dado que este posúe unhas determinadas condicións socioeconómicas diferenciadas do resto, que o farán analiticamente distinto. Reformular a aplicación de estratexias tendo en conta os elementos espaciais nos que habitan e se desenvolven os grupos sociais, será pois un obxectivo esencial. O modelo de desenvolvemento humano e sostible debe ser, por definición, local e por extensión, participativo e autoxestionado. Baixo esta concepción o termo sustentable vén a substituír ao de sostible, xa que co primeiro represéntase o desenvolvemento desde a óptica do posible –sustentar–, mentres que co segundo preténdese soste un modelo de desenvolvemento a todas luces inviable polos límites naturais e humanos do planeta. Así, o desenvolvemento sustentable nace da propia comunidade ou grupo social, demandado e consolidado dentro da mesma sen dependencias externas.

3. A CONTORNA LOCAL COMO POTENCIADORA DO MODELO DE DESENVOLVEMENTO HUMANO E SUSTENTABLE

O modelo ao que vimos aludindo é, en definitiva, endóxico, é dicir, «oponse ao realizado desde a cúpula do sistema capitalista, ás lóxicas aterritoriais da devandita economía e favorece o interese local» (Furío Blasco, 1994 p. 104). Fronte á imposición de modelos de vida e remuneración que promovan a dependencia do territorio de fontes de riqueza externas, parece preferible avogar por modelos de consumo de bens e servizos que revaloricen os recursos locais e os manteñan equilibrados en consonancia co medio. Para Vázquez Barquero (2007, p. 1) este modelo concrétese nunha «aproximación territorial ao desenvolvemento que fai referencia aos procesos de crecemento e acumulación de capital de territorios que teñen unha cultura e institucións propias, sobre cuxa base tomar as decisións de investimento», especialmente do capital público. Os modelos de desenvolvemento endóxico

constitúense así como a resposta do local fronte aos desafíos da globalización económica, poñendo en solfa a necesidade de volver a vista cara ao uso dos recursos locais para o abastecemento de bens e servizos da propia comunidade (Garofoli, 1992 en Furío Blasco, 1994); a capacidade de controlar localmente o proceso de produción; a existencia de interdependencias produtivas; a capacidade para innovar e o investimento dos beneficios creados na propia localidade (Cabaleiro Casal, 2001).

